# MEMORIA E ARQUIVO

## CICLO DE CONFERENCIAS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
18 setembro / 3 novembro 2015
Horario: 18:30 h
Sala de padroado do CGAC



Brangulí: *Box*, c. 1930

Coincidindo coa exposición *Arissa. A sombra e o fotógrafo. 1922-1936*, o CGAC presenta un ciclo de intervencións e comunicacións que abordarán como a investigación e valorización de distintos arquivos fotográficos históricos permitiu establecer unha nova lectura e interpretación de diversos autores.

Arissa é un claro exemplo de como a investigación e conservación dos seus arquivos permitiu reconsiderar a súa figura máis aló da etiqueta tradicional de fotógrafo pictorialista para podermos falar dunha etapa vangardista e ligada ás correntes internacionais dos anos trinta. A guerra civil liquidou a posibilidade de continuidade das ditas prácticas vangardistas; recuperar hoxe aquelas iniciativas é tratar de corrixir o silenciamento dunha historia incompleta e restituír o rigor que debe manter a memoria.

Inician o ciclo Rafael Levenfeld e Valentín Vallhonrat, comisarios de *Arissa*, que abordarán outros traballos de investigación en arquivos fotográficos emprendidos por eles: Marín, Brangulí e Ortiz-Echagüe.

Manuel Sendón e Xosé Luís Súarez Canal presentarán os seus traballos de investigación sobre arquivos fotográficos históricos en Galicia centrándose na figura de José Suárez, sobre cuxa obra preparan unha exposición que se inaugurará en novembro de 2015, pero tamén en Virxilio Vieitez, un fotógrafo de estudio da Galicia rural a quen eles mesmos situaron no primeiro plano de atención internacional a finais da década dos anos noventa.

Juan Manuel Castro Prieto propiciou a recuperación e consideración internacional do fotógrafo peruano Chambi, e o seu propio traballo como autor quedou profundamente marcado pola súa experiencia en Perú. Unha das súas exposicións máis recentes resólvese no diálogo con Chambi a través da observación da realidade peruana.

Coincidindo coa inauguración da súa exposición *Interaccións* no CGAC, Javier Vallhonrat, en conversación con Santiago Olmo, subliñará como o seu proxecto arrinca das imaxes dos Pireneos de Joseph Vigier realizadas en 1853.

Coincidiendo con la exposición *Arissa. La sombra y el fotógrafo. 1922-1936*, el CGAC presenta un ciclo de intervenciones y comunicaciones que abordarán cómo la investigación y valorización de distintos archivos fotográficos históricos ha permitido establecer una nueva lectura e interpretación de diversos autores.

Arissa es un claro ejemplo de cómo la investigación y conservación de sus archivos ha permitido reconsiderar su figura más allá de la etiqueta tradicional de *fotógrafo pictorialista* para poder hablar de una etapa vanguardista y ligada a las corrientes internacionales de los años treinta. La guerra civil liquidó la posibilidad de continuidad de dichas prácticas vanguardistas; recuperar hoy aquellas iniciativas es tratar de corregir el silenciamiento de una historia incompleta y restituir el rigor que debe mantener la memoria.

Inician el ciclo Rafael Levenfeld y Valentín Vallhonrat, comisarios de *Arissa*, que abordarán otros trabajos de investigación en archivos fotográficos emprendidos por ellos: Marín, Brangulí y Ortiz-Echagüe.

Manuel Sendón y Xosé Luís Súarez Canal presentarán sus trabajos de investigación sobre archivos fotográficos históricos en Galicia centrándose en la figura de José Suárez, sobre cuya obra preparan una exposición que se inaugurará en noviembre de 2015, pero también en Virxilio Vieitez, un fotógrafo de estudio de la Galicia rural a quien ellos mismos situaron en el primer plano de atención internacional a finales de la década de los años noventa.

Juan Manuel Castro Prieto propició la recuperación y consideración internacional del fotógrafo peruano Chambi, y su propio trabajo como autor quedó profundamente marcado por su experiencia en Perú. Una de sus exposiciones más recientes se resuelve en el diálogo con Chambi a través de la observación de la realidad peruana.

Coincidiendo con la inauguración de su exposición *Interacciones* en el CGAC, Javier Vallhonrat, en conversación con Santiago Olmo, subrayará cómo su proyecto arranca de las imágenes de los Pirineos de Joseph Vigier realizadas en 1853.

Completará o ciclo Javier Ortiz-Echagüe, que abordará o caso de José Val del Omar: un cineasta que enfoca o problema da identidade desde a vangarda e cuxa exposición, na que se pon de relevo a súa especial relación con Galicia, se presentou este ano no CGAC.

O arquivo como unha ferramenta á vez de investigación histórica e de creación.

## Rafael Levenfeld e Valentín Vallhonrat

Rafael Levenfeld estudou Economía e Publicidade. Dedícase á fotografía desde 1976. En 1980 fundou a revista *Photovision* xunto a Joan Fontcuberta, Adolfo Martínez e Ignacio González. En 1983 creou a Escola de Técnica e Estética Fotográfica en Madrid. En 1991 foi nomeado asesor da Fundación "la Caixa", posto que desempeñou até 1992. Desde 1997 é asesor do Museu Nacional d'Art de Catalunya.

Valentín Vallhonrat estudou Ciencias da Información. Desde 1986 colabora como fotógrafo coa revista *Vogue* nas súas edicións inglesa, italiana, alemá, portuguesa e xaponesa. En 1990 concedéuselle o premio Cecil Beaton de fotografía. Nos anos noventa realizou tiraxes especializadas de fotografía para múltiples exposicións por todo o mundo. A súa obra expúxose en numerosos museos nacionais e internacionais.

En 1996 fundan xuntos Levenfeld + Vallhonrat, unha sociedade dedicada á conservación, recuperación e exhibición de coleccións fotográficas. Son na actualidade directores artísticos do Museo Universidade de Navarra.

## Manuel Sendón e Xosé Luís Suárez Canal

Manuel Sendón é licenciado en Matemáticas e doutor en Belas Artes (coa tese *A fotografía afeccionada en Galicia. 1950-1965*). É profesor da Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Como fotógrafo publicou cinco libros coa súa obra e realizou un importante número de exposicións.

Xosé Luís Suárez Canal é licenciado en Filosofía e Letras, especialidade de Filoloxía Francesa. Foi profesor asociado de fotografía na Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela. Participou en diferentes exposicións fotográficas tanto a nivel individual como colectivo.

Xuntos dirixen o Centro de Estudos Fotográficos, comisariaron a Fotobienal de Vigo entre 1984 e 2000, e a Sala dos Peiraos de Vigo desde 1985 até 1991. Dirixen así mesmo as coleccións *Álbum* e *Do Trinque*, e publicaron varias monografías sobre fotógrafos galegos como Ksado, José Suárez ou Virxilio Vieitez, e arquivos de fotografía como o Arquivo Pacheco ou o de José M.ª Massó. Tamén son os editores da publicación *Emigración*, de Manuel Ferrol, e autores dunha monografía sobre o retrato de estudo titulada *Pano de fondo*. Todas estas publicacións foron acompañadas de cadansúa exposición.

Completará el ciclo Javier Ortiz-Echagüe, que abordará el caso de José Val del Omar: un cineasta que enfoca el problema de la identidad desde la vanguardia y cuya exposición, en la que se pone de relieve su especial relación con Galicia, se presentó este año en el CGAC.

El archivo como una herramienta a la vez de investigación histórica y de creación.

## Rafael Levenfeld y Valentín Vallhonrat

Rafael Levenfeld estudió Economía y Publicidad. Se dedica a la fotografía desde 1976. En 1980 fundó la revista *Photovision* junto a Joan Fontcuberta, Adolfo Martínez e Ignacio González. En 1983 creó la Escuela de Técnica y Estética Fotográfica en Madrid. En 1991 fue nombrado asesor de la Fundación "la Caixa", puesto que desempeñó hasta 1992. Desde 1997 es asesor del Museu Nacional d'Art de Catalunya.

Valentín Vallhonrat estudió Ciencias de la Información. Desde 1986 colabora como fotógrafo con la revista *Vogue* en sus ediciones inglesa, italiana, alemana, portuguesa y japonesa. En 1990 se le concedió el premio Cecil Beaton de fotografía. En los años noventa realizó tirajes especializados de fotografía para múltiples exposiciones por todo el mundo. Su obra se ha expuesto en numerosos museos nacionales e internacionales.

En 1996 fundan juntos Levenfeld + Vallhonrat, una sociedad dedicada a la conservación, recuperación y exhibición de colecciones fotográficas. Son en la actualidad directores artísticos del Museo Universidad de Navarra.

## Manuel Sendón y Xosé Luis Suárez Canal

Manuel Sendón es licenciado en Matemáticas y doctor en Bellas Artes (con la tesis *La fotografía aficionada en Galicia. 1950-1965*). Es profesor de la Facultad de Bellas Artes de Pontevedra. Como fotógrafo publicó cinco libros con su obra y realizó un importante número de exposiciones.

Xosé Luís Suárez Canal es licenciado en Filosofía y Letras, especialidad de Filología Francesa. Fue profesor asociado de fotografía en la Facultad de Ciencias de la Comunicación de la Universidad de Santiago de Compostela. Ha participado en diferentes exposiciones fotográficas tanto a nivel individual como colectivo.

Juntos dirigen el Centro de Estudos Fotográficos, comisariaron la Fotobienal de Vigo entre 1984 y 2000, y la Sala dos Peiraos de Vigo desde 1985 hasta 1991. Dirigen asimismo las colecciones *Álbum* e *Do Trinque*, y han publicado varias monografías sobre fotógrafos gallegos como Ksado, José Suárez o Virxilio Vieitez, y archivos de fotografía como el Archivo Pacheco o el de José M.ª Massó. También son los editores de la publicación *Emigración*, de Manuel Ferrol, y autores de una monografía sobre el retrato de estudio titulada *Pano de fondo*. A cada una de estas publicaciones la acompañó una exposición.

## Juan Manuel Castro Prieto

Juan Manuel Castro Prieto é economista de formación e fotógrafo autodidacta, como a maioría dos autores da súa xeración. A súa vinculación coa fotografía remóntase a 1977. A comezos dos anos oitenta ingresa na Real Sociedad Fotográfica de Madrid, onde coñece a Gerardo Vielba, Gabriel Cualladó, Paco Gómez e Juan Dolcet. En 1990 viaxou a Cuzco, Perú, para facer xunto a Juan Manuel Díaz Burgos os positivos do mestre peruano Martín Chambi a partir das placas de cristal orixinais. Tras esa primeira viaxe, estableceu unha longa relación con Perú, onde volveu outras nove veces máis para completar o seu libro *Perú, viaje al sol* que foi acompañado por unha exposición no Centro Cultural de la Villa no ano 2001 que posteriormente se mostrou noutros lugares de España, Francia, Bélxica, Italia, Guatemala, Bolivia, Ecuador e Perú.

Coa axuda da familia de Martín Chambi, traballou nun proxecto no que seguiu as pegadas do fotógrafo peruano e do que xurdiron unha exposición itinerante e o libro *Martín Chambi-Perú-Castro Prieto* no ano 2011.

A súa obra foi galardoada con diversos premios, entre os que destacan o César Vallejo de Perú, o premio de PHotoEspaña Bartolomé Ros e o premio de fotografía da Comunidade de Madrid.

## Juan Manuel Castro Prieto

Juan Manuel Castro Prieto es economista de formación y fotógrafo autodidacta, como la mayoría de los autores de su generación. Su vinculación con la fotografía se remonta a 1977. A comienzos de los años ochenta ingresa en la Real Sociedad Fotográfica de Madrid, donde conoce a Gerardo Vielba, Gabriel Cualladó, Paco Gómez y Juan Dolcet. En 1990 viajó a Cuzco, Perú, para hacer junto a Juan Manuel Díaz Burgos los positivos del maestro peruano Martín Chambi a partir de las placas de cristal originales. Tras ese primer viaje, ha establecido una larga relación con Perú, a donde volvió otras nueve veces más para completar su libro *Perú, viaje al sol* que fue acompañado por una exposición en el Centro Cultural de la Villa en el año 2001 que posteriormente se mostró en otros lugares de España, Francia, Bélgica, Italia, Guatemala, Bolivia, Ecuador y Perú.

Con la ayuda de la familia de Martín Chambi, trabajó en un proyecto en el que siguió las huellas del fotógrafo peruano y del que surgieron una exposición itinerante y el libro *Martín Chambi-Perú-Castro Prieto* en el año 2011.

Su obra ha sido galardonada con diversos premios, entre los que destacan el César Vallejo de Perú, el premio de PHotoEspaña Bartolomé Ros y el premio de fotografía de la Comunidad de Madrid.

## Javier Vallhonrat

Javier Vallhonrat é licenciado en Belas Artes e Psicoloxía, traballa principalmente con fotografía explorando os seus límites como linguaxe, e facéndoa dialogar coa pintura, o vídeo, a *performance*, a palabra ou a instalación. Ao longo de máis de tres décadas, combinou o desenvolvemento da súa obra coa súa actividade docente en institucións públicas e privadas de Austria, Bélxica, Canadá, España, Francia, Finlandia, Italia, Xapón, México e Reino Unido. Durante o últimos cinco anos traballou en contornas onde se dan condicións e procesos xeoclimáticos extremos, levando a cabo proxectos de prolongada duración que continúa desenvolvendo na actualidade.

A súa obra expúxose en numerosos museos e institucións de todo o mundo e atópase en coleccións como a do Museo Reina Sofía de Madrid, a do Grand-Duc Jean de Luxemburgo ou o Museo de Arte Moderna de Filadelfia, entre outros. Publicáronse dezaseis monografías da súa obra, e o seu traballo foi recoñecido con numerosos galardóns, entre os que cabe destacar o Premio Nacional de Fotografía, o premio de fotografía da Comunidade de Madrid, o premio de fotografía do Concello de Madrid e o premio Bartolomeu Ros de PhotoEspaña.

## Javier Vallhonrat

Javier Vallhonrat es licenciado en Bellas Artes y Psicología, trabaja principalmente con fotografía explorando sus límites como lenguaje, y haciéndola dialogar con la pintura, el vídeo, la *performance*, la palabra o la instalación. A lo largo de más de tres décadas, ha simultaneado el desarrollo de su obra con su actividad docente en instituciones públicas y privadas de Austria, Bélgica, Canadá, España, Francia, Finlandia, Italia, Japón, México y Reino Unido. Durante los últimos cinco años ha trabajado en entornos donde se dan condiciones y procesos geoclimáticos extremos, llevando a cabo proyectos de prolongada duración que continúa desarrollando en la actualidad.

Su obra se ha expuesto en numerosos museos e instituciones de todo el mundo y se encuentra en colecciones como la del Museo Reina Sofía de Madrid, la del Grand-Duc Jean de Luxemburgo o el Museo de Arte Moderno de Filadelfia, entre otros. Se han publicado dieciséis monografías de su obra, y su trabajo ha sido reconocido con numerosos galardones, entre los que cabe destacar el Premio Nacional de Fotografía, el premio de fotografía de la Comunidad de Madrid, el premio de fotografía del Ayuntamiento de Madrid y el premio Bartolomé Ros de PhotoEspaña.

## Javier Ortiz-Echagüe

Javier Ortiz-Echagüe é licenciado en Historia da Arte e doutor en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid, impartiu clases na Universidade de Castela a Mancha (Facultade de Belas Artes de Cuenca) e na Carlos III de Madrid, e

## Javier Ortiz-Echagüe

Javier Ortiz-Echagüe es licenciado en Historia del Arte y doctor en Ciencias de la Información por la Universidad Complutense de Madrid, ha impartido clases en la Universidad de Castilla la Mancha (Facultad de Bellas Artes de Cuenca) y en la Carlos III de Madrid, y

foi investigador visitante na Universidade de Provenza e da Universidade de Nova York. É autor da antoloxía de textos de José Val del Omar, *Escritos de técnica, poética e mística* (La Central, Barcelona, 2010) e foi comisario asistente de *Desbordamiento de Val del Omar* (Museo Reina Sofía, Madrid, 2010). Tamén foi comisario de *Ortiz Echagüe. Norte de África* (Museu Nacional d'Art de Catalunya, Barcelona, 2013) e é autor do libro Yuri Gagarin e o conde de Orgaz. Mística e estética na era espacial (Jorge Oteiza, Yves Klein, José Val del Omar) (Museo Oteiza, Alzuza, Navarra, 2014). Foi coeditor, xunto a Horacio Fernández, de *Fotos & libros. España 1905-1977* (RM, México/Barcelona, 2014). Actualmente é conservador da colección do Museo da Universidade de Navarra, onde tamén é profesor.

ha sido investigador visitante en la Universidad de Provenza y de la Universidad de Nueva York. Es autor de la antología de textos de José Val del Omar, *Escritos de técnica, poética y mística* (La Central, Barcelona, 2010) y fue comisario asistente de *Desbordamiento de Val del Omar* (Museo Reina Sofía, Madrid, 2010). También ha comisariado *Ortiz Echagüe. Norte de África* (Museu Nacional d'Art de Catalunya, Barcelona, 2013) y es autor del libro *Yuri Gagarin y el conde de Orgaz. Mística y estética en la era espacial (Jorge Oteiza, Yves Klein, José Val del Omar)* (Museo Oteiza, Alzuza, Navarra, 2014). Fue coeditor, junto a Horacio Fernández, de *Fotos & libros. España 1905-1977* (RM, México/Barcelona, 2014). Actualmente es conservador de la colección del Museo de la Universidad de Navarra, donde también es profesor.

## PROGRAMA

18 DE SETEMBRO
*Fotografías, arquivos, exposicións,* conferencia de Rafael Levenfeld e Valentín Vallhonrat

30 DE SETEMBRO
*Centro de Estudos Fotográficos. Unha experiencia de 30 anos na recuperación da fotografía histórica galega,* conferencia de Xosé Luís Suárez Canal e Manuel Sendón

22 DE OUTUBRO
*Martín Chambi, a pegada do mestre*, conferencia de Juan Manuel Castro Prieto

29 DE OUTUBRO
Javier Vallhonrat en conversación con Santiago Olmo

3 DE NOVEMBRO
*Val del Omar, historia dunha revisión*, conferencia de Javier Ortiz-Echagüe

Todas as sesións terán lugar na Sala de Padroado do CGAC ás 18:30 horas.
A entrada é libre e de balde até completar a capacidade da sala.

## PROGRAMA

18 DE SEPTIEMBRE
*Fotografías, archivos, exposiciones*, conferencia de Rafael Levenfeld y Valentín Vallhonrat

30 DE SEPTIEMBRE
*Centro de Estudos Fotográficos. Una experiencia de 30 años en la recuperación de la fotografía histórica gallega*, conferencia de Xosé Luís Suárez Canal y Manuel Sendón

22 DE OCTUBRE
*Martín Chambi, la huella del maestro,* conferencia de Juan Manuel Castro Prieto

29 DE OCTUBRE
Javier Vallhonrat en conversación con Santiago Olmo

3 DE NOVIEMBRE
*Val del Omar, historia de una revisión*, conferencia de Javier Ortiz-Echagüe

Todas las sesiones tendrán lugar en la Sala de Patronato del CGAC a las 18:30 horas.
La entrada es libre y gratuita hasta completar el aforo.

CGAC
SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2
15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 631
cgac.pedagogia@xunta.es
www.cgac.org

XUNTA DE GALICIA
galicia